

10483 *ORDE PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.* («BOE» 140, do 13-6-2006.)

A Constitución española, no seu artigo 9.2, establece que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a súa participación na vida política, social e cultural. A mesma norma, no seu artigo 14, reconece a igualdade perante a lei, sen que poida existir discriminación ningunha.

No ámbito da Administración pública, a Lei 53/2003, do 10 de decembro, sobre emprego público de discapacitados, modifica a disposición adicional décimo novena da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, no sentido de que se reservará, nas ofertas de emprego público, unha cota non inferior ao 5% das vacantes para seren cubertas por persoas con discapacidade cuxo grao de minusvalidez sexa igual ou superior a 33%, de modo que progresivamente se alcance o dous por cento dos efectivos totais da Administración do Estado, sempre que superen as probas selectivas e acrediten a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

En desenvolvemento desta norma e co obxectivo de fomentar a práctica de accións positivas que favorezan a igualdade de oportunidades, apróbase o Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, que regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

Este texto incorpora nas probas selectivas, incluíndo os cursos de formación ou períodos de prácticas, a adopción, para as persoas con discapacidade que o soliciten, de diversas medidas de adaptación e axustes razoables de medios e tempos atendendo ás dificultades específicas que a persoa poida ter para a realización das probas.

O artigo 8.3 do citado real decreto expresa o mandado aos ministerios de Administracións Públicas e de Traballo e Asuntos Sociais para ditaren unha resolución conxunta en que se establezan os criterios xerais para determinar a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos en que concorran persoas con discapacidade.

En virtude de todo o anteriormente exposto, por proposta dos ministros de Administracións Públicas e de Traballo e Asuntos Sociais, dispoño:

Punto primeiro. *Obxecto.*—O obxecto desta orde é establecer os criterios xerais para determinar as adaptacións consistentes na concesión dun tempo adicional para a realización dos exercicios correspondentes ás probas selectivas en que participen persoas con discapacidade.

Punto segundo. *Ámbito de aplicación.*—Esta orde será de aplicación nos procedementos de acceso ao emprego público e provisión de postos de traballo do persoal a que se refire o artigo 1.1 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, tendo carácter supletorio para o sector público non incluído no citado artigo.

Punto terceiro. *Beneficiarios das medidas de adaptación de tempos nos procesos selectivos.*

1. Para os efectos desta norma, enténdese por persoa con discapacidade aquela que teña recoñecido un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%, incluídos no artigo 1.2 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal da persoa con discapacidade.

2. As situacións descritas anteriormente acreditanse na forma que regulamentariamente se determine.

Punto cuarto. *Petición de adaptación de tempos.*

1. Para asegurar a participación en igualdade de condicións co resto dos aspirantes nos procesos selectivos, incluíndo os cursos de formación ou períodos de prácticas, estableceranse para os aspirantes con discapacidade que o soliciten as adaptacións de tempo necesarias para a súa realización.

2. Nas convocatorias indícarase expresamente esta posibilidade, ben como que os interesados deberán formular a correspondente petición concreta na solicitude de participación, na cal deben reflectir as necesidades específicas que teñan para acceder ao proceso de selección.

En tal caso, e para efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión do solicitado, o candidato xuntará o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de minusvalidez competente, acreditando de forma que faga fe, a deficiencia ou deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de minusvalidez recoñecido.

Punto quinto. *Criterios e procesos aplicables para a concesión de adaptación de tempos.*

1. A valoración de concesión de tempos inspirarase nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación, accesibilidade universal e compensación de desvantaxe.

2. A adaptación de tempos non se outorgará de forma automática, senón unicamente naqueles casos en que a discapacidade garde relación directa coa proba que se vai realizar, correspondendo aos órganos de selección resolver a procedencia e concreción da adaptación en función das circunstancias específicas de cada proba selectiva.

3. Para os efectos de os órganos de selección poderen valorar a procedencia da concesión das adaptacións de tempo solicitadas, e co obxecto de estes órganos poderen adoptar, en cada caso, as decisións máis idóneas en condicións de igualdade, establécese o baremo denominado «criterios xerais para as adaptacións de tempos, proba oral e/ou escrita segundo deficiencias e graos de discapacidade», que figura no anexo desta orde.

4. O órgano de selección, á vista da documentación presentada, resolverá sobre a solicitude de adaptacións e axustes razoables necesarios de tempo para a realización das probas selectivas.

5. Así mesmo, os órganos de selección poderán requirir informe e, cando for o caso, a colaboración dos órganos técnicos da Administración laboral, sanitaria ou dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

6. Nos casos de persoas con discapacidade que teñan recoñecido un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento, os órganos de selección poderán requirir dos órganos técnicos de cualificación do grao de minusvalidez do IMSERSO (Ceuta e Melilla) ou, se for o caso, da comunidade autónoma correspondente, ditame técnico facultativo.

Así mesmo, poderán requirir dos citados órganos a emisión, precedendo coñecemento das exixencias das probas, dos medios dispoñibles aceptados polo órgano de selección e das capacidades do aspirante, de informe en relación coa necesidade de adaptación de tempos para o desenvolvemento da proba selectiva, facendo constar necesariamente:

- Idoneidade de adecuar a proba e tempos recomendados.
- Se for o caso, consideracións técnicas.

Os órganos técnicos correspondentes deberán remitir os ditames ou informes a que se fai referencia neste punto no prazo máximo dun mes.

Punto sexto. *Concesión de tempos adicionais.*—Os órganos de selección resolverán, en todo caso, os supostos non incluídos nesta orde que poidan xurdir de acordo cos principios de legalidade e equidade.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao de su publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 9 de xuño de 2006.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

ANEXO

Criterios xerais para as adaptacións de tempos, proba oral e/ou escrita, segundo as deficiencias e os graos de discapacidade

1. Estes criterios están previstos para exercicios cunha duración de 60 minutos. En caso de que a duración

da proba sexa distinta, o tempo que se conceda aplicárase proporcionalmente.

2. Para a concesión das adaptacións de tempo solicitadas, deberáse ter en conta o grao de minusvalidez recoñecido que debe ser igual ou superior a 33% e estar nos supostos incluídos no artigo 1.2. da Lei 51/2003.

3. Para efectos destas recomendacións, considérase que a persoa presenta especiais dificultades para a realización da proba (unha vez adaptados os medios) cando algunha das súas deficiencias estea comprendida na lista de códigos indicados neste anexo.

4. O órgano de selección resolverá a adaptación de tempo solicitada tendo en conta as deficiencias incluídas no ditame técnico facultativo e o grao de discapacidade recoñecido.

5. En caso de existencia de dous ou máis tipos de deficiencia polas cales se poida proceder á adaptación de tempo, poderanse sumar os tempos recomendados na táboa sen que, en ningún caso, o tempo adicional poida ser superior ao establecido para a propia proba.

Adaptacións de tempo segundo deficiencias e grao de discapacidade para exercicios cuxa duración sexa de 60 minutos

Grao de discapacidade

Código	Deficiencias	25-35	36-45	46-55	>= 56	OBSERVACIÓNS
1104	AUSENCIA DE DEDOS OU FALANXES	15'	30'	45' independentemente do grao		Só en caso de existir afectación en membro superior
1105	AUSENCIA DE M.S.D. OU AS SÚAS PARTES ESENCIAIS	15'	30'	45' independentemente do grao		
1106	AUSENCIA DE M.S.E. OU AS SÚAS PARTES ESENCIAIS	15'	30'	45' independentemente do grao		
1108	LIMITACIÓN FUNCIONAL DA MAN DEREITA	15'	30'	45' independentemente do grao		
1109	LIMITACIÓN FUNCIONAL DA MAN ESQUERDA	15'	30'	45' independentemente do grao		
1110	LIMITACIÓN FUNCIONAL BIMANUAL	15'	30'	45' independentemente do grao		
1111	LIMITACIÓN FUNCIONAL EN M.S.D.	15'	30'	45' independentemente do grao		
1112	LIMITACIÓN FUNCIONAL EN M.S.E.	15'	30'	45' independentemente do grao		
1113	LIMITACIÓN FUNCIONAL EN AMBOS OS MEMBROS SUPERIORES	15'	30'	45' independentemente do grao		
1118	LIMITACIÓN FUNCIONAL NUN M.S. E NUN M.INFERIOR	15'	30'	45' independentemente do grao		
1119	LIMITACIÓN FUNCIONAL EN AMBOS OS MM.SS E NUN M.I.	15'	30'	45' independentemente do grao		
1120	LIMITACIÓN FUNCIONAL EN AMBOS OS MM.II E NUN M.S.	15'	30'	45' independentemente do grao		
1121	LIMITACIÓN FUNCIONAL NAS CATRO EXTREMIDADES	15'	30'	45' independentemente do grao		
1122	LIMITACIÓN FUNCIONAL EXTREMIDADES E C.V.	15'	30'	45' independentemente do grao		Só en caso de existir afectación en membro superior
1201	PARÁLISE DE NERVIO PERIFÉRICO	15'	30'	45' independentemente do grao		Só en caso de existir afectación en membro superior
1202	PARESIA DE NERVIO PERIFÉRICO	15' independentemente do grao				Só en caso de existir afectación en membro superior
1205	MONOPLEXÍA M.S.D.	15'	30'	45' independentemente do grao		
1206	MONOPARESIA M.S.D.	15'	30'	45' independentemente do grao		
1207	MONOPLEXÍA M.S.E.	15'	30'	45' independentemente do grao		
1208	MONOPARESIA M.S.E.	15'	30'	45' independentemente do grao		
1211	DIPARESIA	15'	30'	45' independentemente do grao		
1212	DIPLEXÍA	15'	30'	45' independentemente do grao		Só en caso de existir afectación en membro superior
1215'	HEMIPLEXÍA DEREITA	15'	30'	45' independentemente do grao		
1216	HEMIPLEXÍA ESQUERDA	15'	30'	45' independentemente do grao		
1217	HEMIPARESIA DEREITA	15'	30'	45' independentemente do grao		
1218	HEMIPARESIA ESQUERDA	15'	30'	45' independentemente do grao		
1219	TETRAPLEXÍA	1 hora independentemente do grao				
1220	TETRAPARESIA	1 hora independentemente do grao				
1221	CRISES CONVULSIVAS XENERALIZADAS	1 hora independentemente do grao				Só en caso de desencadeamento de crise durante a proba
1222	CRISES NON CONVULSIVAS XENERALIZADAS	1 hora independentemente do grao				Só en caso de desencadeamento de crise durante a proba
1223	CRISE PARCIAL	30' independentemente do grao				Só en caso de desencadeamento de crise durante a proba da proba
1224	TRASTORNO DA COORDINACIÓN	60' independentemente do grao				
1226	TRASTORNO DE COORDINACIÓN E EQUILIBRIO	60' independentemente do grao				
1227	TRASTORNO VASOMOTOR	30' independentemente do grao				
1228	DISFUNCIÓN NEUROVEXETATIVA	30' independentemente do grao				
1229	DISCAPACIDADE DO SISTEMA NEUROMUSCULAR	15'	30'	45'	60	Só en caso de existir afectación en membro superior
2100	ATRASO MENTAL PROFUNDO	A deficiencia imposibilita a realización da proba; se for o caso, consulta ao órgano técnico de valoración				
2101	ATRASO MENTAL SEVERO	A deficiencia imposibilita a realización da proba; se for o caso, consulta ao órgano técnico de valoración				
2102	ATRASO MENTAL MODERADO	A deficiencia imposibilita a realización da proba; se for o caso, consulta ao órgano técnico de valoración				

Código	Deficiencias	25-35	36-45	46-55	>= 56	OBSERVACIÓNS
2103	ATRASO MENTAL LIXEIRO	1 hora independentemente do grao				
2104	INTELIXENCIA LÍMITE	1 hora independentemente do grao				
2105	ATRASO MADURATIVO	1 hora independentemente do grao				
2106	TRASTORNO DO DESENVOLVEMENTO	1 hora independentemente do grao				
2107	TRASTORNO COGNITIVO	1 hora independentemente do grao				
3101	PERDA DE AGUDEZA VISUAL BINOCULAR LEVE	15' independentemente do grao				
3102	PERDA AGUDEZA VISUAL BINOCULAR MODERADA	30' independentemente do grao				
3103	PERDA AGUDEZA VISUAL BINOCULAR SEVERA	45' independentemente do grao				
3104	PERDA AGUDEZA VISUAL BINOCULAR GRAVE	60' independentemente do grao				Tempo aplicable unha vez adaptados os medios
3105	CEGUEIRA	60' independentemente do grao				Tempo aplicable unha vez adaptados os medios
3106	PERDA VISIÓN NUN OLLO	15' independentemente do grao				
3107	DIMINUCIÓN DE EFICIENCIA VISUAL	15' independentemente do grao				
3201	HIPOACUSIA LEVE	15' independentemente do grao				
3202	HIPOACUSIA MEDIA	15' independentemente do grao				
3203	HIPOACUSIA SEVERA	30' independentemente do grao				
3204	HIPOACUSIA PROFUNDA	30' independentemente do grao				
3205	XORDEIRA	30' independentemente do grao				
3206	XORDOMUDEZ	60' independentemente do grao				
3208	ACÚFENOS	15' independentemente do grao				
3209	DISCAPACIDADE DO SISTEMA AUDITIVO	15'	30'	60'		
4101	AFASIA	a deficiencia imposibilita a realización da proba; se é o caso, consulta ao órgano técnico de valoración				
4102	DISARTRIA	60' independentemente do grao				
4103	DISFEMIA	45' independentemente do grao				
4104	DISFONÍA	30' independentemente do grao				
4105	MUDEZ	30' independentemente do grao				
4106	LARINGOTOMÍA	45' independentemente do grao				
4107	DISCAPACIDADE EXPRESIVA	15'	30'	45'		
5200	SÍNDROME POLIMALFORMATIVA	15'	30'	45'	60' independentemente do grao	
6004	ENFERM. DO SISTEMA ENDÓCRINO-METABÓLICO	30' independentemente do grao				Só en caso de desencadeamento de crise durante a proba
6007	ENFERMIDADE DERMATOLÓXICA	15'	30'	45'		Só en caso de existir afectación en membro superior.
6010	ESTADO TERMINAL	A deficiencia imposibilita a realización da proba; se é o caso, consulta ao órgano técnico de valoración				
8001	DISCAPACIDADE MÚLTIPLE	15'	30'	45'	60'	

Os cadros marcados con este sombreado claro poden necesitar adaptación de tempo en proba escrita

Os cadros marcados con este sombreado escuro poden necesitar adaptación de tempo en proba escrita ou oral

Os cadros marcados con este sombreado medio poden necesitar adaptación de tempo en proba oral

Os cadros marcados en branco non son susceptibles de adaptacións de tempo

En cada un dos cadros sinalados indicase o tempo máximo que se concederá e a partir do cal non influiría o grao.
En caso de que a duración da proba sexa distinta a 1 hora, aplicarase proporcionalidade nos tempos indicados.